

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL, O EXCELENTÍSIMO CONCELLO DE SANTIAGO E A FUNDACIÓN "LA CAIXA" PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA CAIXAPROINFANCIA

Santiago de Compostela, a 25 de febreiro de 2020

REUNIDOS:

Dunha parte, D^a. Fabiola García Martínez, na súa condición de conselleira de Política Social en virtude do Decreto 98/2018, do 26 de setembro, que actúa no exercicio do seu cargo e en función das atribucións que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta de Galicia e da súa presidencia, e de conformidade co disposto no Decreto 88/2018, do 26 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e no Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social.

Doutra parte, D. Xosé Antonio Sánchez Bugallo, alcalde do concello de Santiago, no seu nome e representación, actuando no exercicio do seu cargo e en función das atribucións que lle confire o artigo 124.4.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e o artigo 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia.

E doutra parte, D. Marc Simón Martínez, con NIF 46.329.478A, en nome e representación da FUNDACIÓN BANCARIA CAJA DE AHORROS Y PENSIONES DE BARCELONA "LA CAIXA" –en diante, Fundación Bancaria "la Caixa"–, con CIF G58899998, e domicilio en Praza Weiler, 3, 07001 Palma de



Mallorca, actuando na súa calidade de Subdirector Xeral da mesma, en virtude de poder outorgado en data 27 de xullo de 2017, ante o Notario do Il·lustre Col·legi de Notaris de Catalunya, e por oposición, Notario de Barcelona, D. Tomás Giménez Duart, protocolo número 2.222. Todas as partes, na calidade con que interveñen neste acto, recoñécense recíprocamente capacidade para obrigarse e formalizar o presente convenio, a cuxo efecto

EXPOÑEN

- I. Que consonte o artigo 27.23 do Estatuto de Autonomía de Galicia, aprobado mediante a Lei orgánica, do 6 de abril de 1981, os artigos 58, 59, 60 e 64 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, ditada en desenvolvemento do antedito artigo do estatuto, que regula o Sistema Galego de Servizos Sociais, os artigos 25.2.e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e o artigo 80.2.k) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, a Comunidade Autónoma de Galicia e as corporacións locais galegas comparten competencias en materia de servizos sociais.
- II. Que o artigo 193 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia establece que as entidades locais galegas e a Xunta de Galicia axustarán a súa actuación ao principio de colaboración, cooperación e auxilio que puidesen precisar con carácter conxuntural para o eficaz cumprimento das súas tarefas, determinando o artigo 195 as formas que poderá adoptar a dita cooperación.
- III. Que con data do 11 de xaneiro de 2019 a Xunta de Galicia e a Fundación Bancaria "la Caixa" asinaron un convenio de colaboración para o desenvolvemento na Comunidade autónoma de Galicia do Programa CaixaProinfancia cuxa finalidade principal é a de facilitar á



infancia afectada por unha situación de pobreza e vulnerabilidade social o seu desenvolvemento integral e o incremento das súas oportunidades.

IV. Que mediante CaixaProinfancia, a Obra Social "la Caixa" quere promover a creación de alianzas e colaboracións con terceiros a favor da infancia, motivo polo que este programa se desenvolve mediante a colaboración con entidades sen ánimo de lucro e trata de favorecer a creación dun ámbito estable de cooperación entre todos os axentes sociais, públicos e privados, que inciden no neno, nena, adolescente e as súas familias. En concreto, neste convenio establécese a cooperación coa Xunta de Galicia e cos Concellos para o logro dos obxectivos que se describen a continuación:

- Favorecer o desenvolvemento das competencias do neno, nena e adolescente e da súa familia, que permitan mellorar os seus procesos de inclusión social e autonomía.
- Promover o desenvolvemento social e educativo dos e das menores no seu contexto familiar, escolar e social.
- Desenvolver e implementar un modelo de acción social e educativa integral que contribúa a mellorar as oportunidades de desenvolvemento social e educativo dos nenos e nenas e das súas familias.

A realización de tales obxectivos require dunha formulación global e sistémica que considere a multifactorialidade que caracteriza as situacións de pobreza, para o que resulta esencial constituír esta fórmula de cooperación e coordinación.

V. Que o concello de Santiago, dado que comparte os obxectivos do programa e este se basea no traballo coordinado dos diferentes axentes sociais dun mesmo territorio ou barrio, desexa colaborar no desenvolvemento, subscribindo os obxectivos comúns de protexer a infancia, promover o seu benestar e evitar a transmisión da pobreza



entre xeracións, na consideración de que os nenos e as nenas que crecen na pobreza ou exclusión social teñen menos posibilidades de ter un bo rendemento escolar, e que poidan gozar de boa saúde e aproveitar todo o seu potencial en fases posteriores da súa vida.

Por todo o exposto, as partes, na representación que cada unha delas ostenta, acordan subscribir este Convenio de Colaboración que se rexerá polas seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

O obxecto deste convenio é establecer un marco de colaboración entre a Consellería de Política Social da Xunta de Galicia, o concello de Santiago e a Fundación Bancaria "la Caixa", a fin de coordinar os esforzos dirixidos a optimizar a aplicación do Programa CaixaProinfancia nunha área xeográfica determinada dentro do ámbito urbano da cidade de Santiago. Este programa está destinado a facilitar tanto a mellora da situación dos nenos e nenas e das súas familias, como a que desenvolvan as competencias e o compromiso necesario que lles permita asumir con autonomía o devandito proceso de mellora. A colaboración prevista neste Convenio centrarase en establecer e desenvolver un procedemento de actuación que permita identificar ás familias que teñan menores e se atopen en situación ou risco de exclusión social, informadas da existencia do Programa Caixa Proinfancia e que as administracións públicas asinantes deste convenio cooperen no traballo desenvolvido con estas familias ao abeiro do programa coa finalidade de que este teña un carácter integral, así como todas as actuacións que sexan necesarias para alcanzar os obxectivos do programa.

Desta forma búscase crear un marco común de traballo destinado a fixar procedementos concretos de actuación, así como metodoloxías conxuntas que se traduzan na promoción da transformación social e na mellora efectiva da situación dos e das menores e as súas familias afectados por unha situación de pobreza e vulnerabilidade social para o seu desenvolvemento integral e o incremento das súas oportunidades.

Con este Convenio preténdese, en definitiva, establecer un marco de colaboración destinado a potenciar e garantir as iniciativas contidas no Programa CaixaProinfancia e a asegurar a máxima eficacia e eficiencia dos seus resultados.

SEGUNDA.- COMPROMISOS DAS PARTES

A Consellería de Política Social, o Concello de Santiago, e a Fundación Bancaria "la Caixa" comprométense a:

- Identificar e analizar conxuntamente a distribución territorial das situacións de vulnerabilidade social e de risco de exclusión que afectan a un número considerable de menores e familias do municipio de Santiago e que requiren, mais alá da atención a necesidades puntuais, dunha formulación global de actuación que incida de forma integral na transformación e mellora da realidade da infancia e das familias.
- Definir unha proposta de servizos conxunta que permita responder as necesidades dos e das menores e das súas familias e optimizar os recursos económicos públicos e privados que se dotan para estes efectos.
- Impulsar o "traballo en rede", como mellor resposta organizativa para o desenvolvemento da acción social, aproveitando os recursos públicos e privados existentes no territorio e os proxectos de actuación de carácter innovador que poidan ser achegados por entidades colaboradoras especializadas nos servizos e recursos contemplados no Programa.



- Impulsar o establecemento, dinamización e mantemento de continuas canles de comunicación e de transmisión de información.
- Establecer con carácter prioritario estratexias e metodoloxías comúns que aseguren a implantación de fórmulas de prevención do risco a través de actividades adaptadas ás diversas realidades das e dos menores.

Respecto dos compromisos concretos de cada parte, a Consellería de Política Social comprométese a:

- Apoiar o Proxecto CaixaProinfancia a nivel institucional, mediante a súa divulgación e a información ás familias e menores, así como colaborar na súa implementación no municipio de Santiago, mediante todas aquelas accións que permitan identificar ás familias que teñan menores e se atopen en situación ou risco de exclusión social, informadas da existencia do Programa Caixa Proinfancia e que as administracións públicas asinantes deste convenio cooperen no traballo desenvolvido con estas familias ao abeiro do programa coa finalidade de que este teña un carácter integral, así como todas as actuacións que sexan necesarias para alcanzar os obxectivos do programa.
- Apoiar ás entidades non lucrativas colaboradoras na execución do Programa, que serán seleccionadas pola entidade responsable do devandito Programa CaixaProinfancia, mediante todas aquelas accións, como son as de carácter informativo, que teñan como obxectivo desenvolver unha estratexia coordinada a nivel autonómico.
- Designar como interlocutor da Consellería a un responsable técnico de cada provincia, para a execución do Proxecto CaixaProinfancia.

Pola súa parte, o Concello de Santiago comprométese a:

- Apoiar o Proxecto CaixaProinfancia a nivel institucional, así como colaborar na súa implementación no seu municipio impulsando que as



administracións públicas asinantes deste convenio cooperen no traballo desenvolto coas familias, ao abeiro do programa CaixaProinfancia, coa finalidade de que estas sexan atendidas de forma integral.

- Apoiar ás entidades non lucrativas colaboradoras na execución do Programa, que serán seleccionadas pola entidade responsable do devandito Programa CaixaProinfancia, no municipio de Santiago no que se refire ao establecemento de contactos e redes e a coordinación co persoal público referente, a nivel local, no ámbito social nos tres ámbitos prioritarios desde os que se desenvolve a acción social, educativa e sanitaria.
- Designar como interlocutor do Concello a un responsable técnico, con competencias en materia de servizos sociais.

Por último, a Fundación Bancaria "la Caixa" comprométese a:

- Seleccionar, financiar, dinamizar e coordinar ás entidades non lucrativas colaboradoras que participan no Proxecto CaixaProinfancia mediante o establecemento de mecanismos de relación que inclúen a creación dun marco común de traballo para marcar uns procedementos concretos que guían a actuación e que faciliten o traspaso de información co obxectivo de establecer formas propias dun traballo en rede e sistémico.
- Manter informados ao Concello de Santiago e a Xunta de Galicia e facilitarlles o acceso á información que precisen sobre a evolución do Proxecto CaixaProinfancia.

TERCEIRA.- SEGUIMIENTO E CONTROL

Co fin de dar cumprimento aos contidos do convenio, tras a súa sinatura, constituirase unha Comisión de Seguimento con representación de todas as partes en réxime de paridade.



O réxime xurídico da Comisión adecuarase ao previsto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e pola Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Esta comisión responsabilizarase da coordinación, seguimento e avaliación das accións realizadas no marco deste convenio. Calquera dúbida ou controversia que xurda acerca da interpretación do convenio deberá resolverse pola Comisión.

A Comisión de Seguimento quedará integrada polo Director Xeral de Inclusión Social ou persoa en quen delegue, o alcalde do concello de Santiago ou persoa en quen delegue, o director corporativo da área Social da Fundación Bancaria "la Caixa" ou persoa en quen delegue e unha persoa máis en representación de cada institución.

Esta Comisión reunirase, durante a vixencia do convenio, por proposta de calquera das partes.

CUARTA.- PROTECCIÓN DE DATOS

As partes garantirán a total confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actividades realizadas en execución do presente convenio, e así mesmo obríganse ao cumprimento da normativa en materia de protección de datos de carácter persoal e, en concreto, o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), así como a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.





Os datos persoais solicitados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia, Consellería de Política Social, coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da xestión deste convenio e a actualización da información e contidos do Cartafol cidadán. O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público, conforme á normativa que rexe o instrumento convencional e nas referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia no devandito convenio.

Os datos serán comunicados ás Administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos>.

QUINTA.- RÉXIME XURÍDICO

Este convenio terá carácter administrativo, rexéndose polo establecido nas súas cláusulas, e no non previsto aplicaráselle os principios contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, para resolver as lagoas e dúbidas que puidesen presentarse. Así mesmo,



rexerese tamén pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

As cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación ou efectos do convenio serán resoltas pola Consellería de Política Social, poñendo os seus acordos fin á vía administrativa.

Contra estes acordos cabe interpoñer recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes ante o mesmo órgano que ditou a resolución, segundo o previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, ou poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

.

Este convenio non implica obrigación económica para a Facenda da Comunidade Autónoma nin para a Administración local respectiva.

SEXTA.- PUBLICIDADE

Este convenio está suxeito ao disposto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia e á súa publicación.

As partes asinantes autorizan a publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas neste convenio de colaboración no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

Así mesmo, en cumprimento do establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o



Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, e de conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeneral de subvencións, este convenio será comunicado á Base de datos nacional de subvencións (BDNS).

SÉTIMA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN

1. Serán causas de resolución deste convenio:

- a) O transcurso do prazo de vixencia.
- b) O acordo unánime das partes asinantes.
- c) O incumprimento das obrigacións e compromisos asumidos por algunha das partes.

Neste caso, a outra parte poderá requirir á parte incumpridora para que cumpra nun determinado prazo coas obrigacións ou compromisos que se consideran non atendidos. Este requirimento será comunicado tamén á comisión de seguimento do convenio.

Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistise o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará á outra parte a existencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio, sen que isto xere dereito a indemnización.

- d) Por decisión xudicial que declare a nulidade do convenio.
- e) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista na lexislación vixente.

•

OITAVA.- VIXENCIA

Este convenio estará en vigor durante un período de tres anos a contar desde o día da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2021, estendéndose os seus efectos desde o 1 de xaneiro de 2019.






Non obstante o anterior, as partes poderán establecer de mutuo acordo a súa prorroga.

E en proba de conformidade cos termos do convenio, as partes comparecentes asinan e rubrican, en triplicado exemplar, no lugar e data ao indicados no encabezamento.


A CONSELLEIRA DE POLÍTICA
SOCIAL


Fabiola García Martínez.

O SUBDIRECTOR XERAL DA
FUNDACIÓN BANCARIA "LA CAIXA"


Marc Simón Martínez

O ALCALDE DO EXCELENTÍSIMO CONCELLO DE SANTIAGO


Xosé Antonio Sánchez Bugallo